MINI GUÍAS PRL

A PREVENCIÓN, MELLOR ENTENDIDA. E MELLOR APLICADA.

CEG

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

cec

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE LA CORUÑA

Co financiamento de:

XUNTA DE GALICIA

Mini Guías de revisión e puntos de control

Esta guía práctica transforma as nove frases da campaña **Retranca na PR**L en **puntos de control verificables** da xestión da prevención de riscos laborais. A idea é ir máis alá da sensibilización e utilizar cada refrán como unha pregunta para comprobar se a prevención funciona realmente nos centros de traballo.

Como utilizar as mini guías

Para cada frase inclúense o obxectivo preventivo, as preguntas de revisión e as evidencias que convén comprobar. Pode aplicarse nunha reunión de seguimento, nunha inspección interna ou na revisión periódica do sistema preventivo.

- Cumpre: hai evidencias de que a medida está implantada e funciona.
- Cumpre parcialmente: existe, pero é incompleta, irregular ou non se verifica a súa eficacia.
- Non cumpre: a medida non existe ou non é efectiva.
- Non aplica: non corresponde aos riscos ou procesos da empresa, deixando constancia do motivo.

Unha resposta positiva debe apoiarse en evidencias, non só na existencia dun procedemento escrito.

Integración das mini guías no proxecto

As mini guías incorpóranse como unha ferramenta complementaria á campaña da CEC, mantendo a súa **linguaxe próxima e a retranca como recurso de sensibilización**, pero vinculando cada mensaxe a unha comprobación concreta.

As mini guías son unha **proposta práctica de autoavaliación**. Non substitúe a avaliación de riscos específica, a planificación preventiva legalmente esixible nin as comprobacións técnicas que correspondan a cada actividade.



Galiña vella fai bo caldo

Persoa traballadora veterán, seguridade na man.

Obxectivo preventivo: aproveitar a experiencia profesional sen dar por feito que a antigüidade garante a seguridade.

Puntos de control:

- Recóllese a experiencia do persoal veterano para identificar riscos e mellorar os procedementos.
- As persoas con experiencia participan, cando procede, na acollida e acompañamento das novas incorporacións.
- A formación preventiva adáptase ás tarefas, aos riscos e aos cambios nos equipos ou métodos de traballo.
- Revísanse os hábitos adquiridos que poidan converterse en prácticas inseguras por exceso de confianza ou normalización das desviacións.
- As tarefas e os equipos adáptanse ás capacidades das persoas, tendo en conta a diversidade e a evolución das condicións de traballo.
- Os coñecementos preventivos importantes non dependen exclusivamente dunha persoa concreta.

Evidencias que revisar: plans de acollida, rexistros de formación, procedementos de traballo, entrevistas e propostas de mellora do persoal.

Pregunta clave: estamos aproveitando a experiencia para mellorar a prevención ou confundimos experiencia con ausencia de risco?

Quen financia esta iniciativa?

Esta iniciativa está financiada pola Xunta de Galicia, , ao abeiro das axudas en materia de prevención de riscos laborais segundo a Lei 31/1995.

CEG
CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

cec
CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA

Co financiamento de:
XUNTA
DE GALICIA

A TÚA VOZ CONTA

Falamos? Manda ti primeiro, que nós escoitamos.

cec.es

prevencion@cec.es

981 558 456